

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 02/04/2019 13:41:24
SAIDA 4351/19

[REDACTED]
[REDACTED]
[REDACTED] -
[REDACTED]

Reclamante: [REDACTED], en representación [REDACTED]
[REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 04/2019**

Correo electrónico: o.iribio@gmail.com

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], en representación da [REDACTED], mediante escrito do 2 de Xaneiro de 2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED], en representación da [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 02/01/2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada por silencio administrativo, a súa solicitude de obtención de copia á Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do expediente relativo á súa solicitude presentada con data do 1 de outubro de 2018, mediante documento con rexistro 2018/2463528

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude de acceso á información e copia de certificado da secretaria da [REDACTED] na que se fai constar o nomeamento de [REDACTED] como [REDACTED].

Segundo. Con data 18 de Xaneiro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Economía, Emprego e Industria, remitíndoselle por erro, copia da documentación correspondente ao expediente RSCTG 5/19. Advertido o erro, con data do

18 de febreiro de 2019, se lle remite copia da documentación presentada pola interesada para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data 11 de Marzo de 2019 a Consellería de Economía, Emprego e Industria contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que a Asociación ██████████ presentou o 30 de setembro de 2018, no rexistro da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria n Ourense (núm. rexistro 00999027) unha solicitude de información e copia de documentación en relación coas explotacións mineiras OU/C/4587.1 Fondevila, OU/C/4847 Osmo, OU/C/5190 Macarena, OU/C/5249 Maite e OU/C/5243 Brués- San Amaro, no termo municipal de Boborás.

Con data 15 de novembro de 2018 ██████████, con DNI ██████████, en representación da Asociación ██████████ presentou un segundo escrito no que solicita copia do expediente relativo á solicitude rexistrada na Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Ourense con rexistro 2018/2463528.

A solicitude efectuada versa sobre un expediente iniciado a instancia da devandita asociación, cal é o propio expediente de acceso á información iniciado pola propia asociación, no que ten a condición de interesada

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, do 18 de xaneiro, reconece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

O informe da Consellería de Economía, Emprego e Industria xustifica que a reclamación presentada ante a Comisión de Transparencia de Galicia, diríxese contra a falla de resolución dun expediente que está en tramitación, e do que a asociación é parte interesada.

Ao atoparse o expediente en curso e ter a asociación a condición de interesada, de acordo coa disposición adicional primeira da Lei 19/2013, debe ser a normativa reguladora dese procedemento administrativo e non a normativa xeral de transparencia, a aplicable ao acceso por parte de quen teña a condición de interesados no mesmo, polo que procede a inadmisión da reclamación presentada.


En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED] con data do 2 de enero de 2019, contra a tramitación da súa solicitude de obtención de copia á Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do expediente relativo á súa solicitude presentada con data do 1 de outubro de 2018, mediante documento con rexistro 2018/2463528

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019



Milagros Otero Parga
Presidenta da Comisión da Transparencia